



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Visto o escrito presentado por Andrés José Piñón Pazos o 01/02/2023 no que solicita absterse de participar na súa condición de Presidente titular da comisión de selección encargada de resolver o concurso convocado por Resolución reitoral do 01/12/2022 para a provisión da praza 22/13003 de Contratado/a Interino/a Substitución, por darse nel causa de abstención regulado no artigo 23.2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación de parentesco con un dos aspirantes a dita praza.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente contratado interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso as causas alegadas xustifican a substitución do presidente.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, resolve aceptar a solicitude formulada e dispón a substitución na praza 22/13003 de Andrés José Piñón Pazos por Óscar Fontenla Romero, que é o subdirector da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol de maior categoría e antigüidade, de acordo co establecido no apartado 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente contratado interino e laboral contratado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 112 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a interesado/a poderá interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou, directamente un recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, de conformidade cos artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición contencioso administrativa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 14/01/2020)
O vicerrector de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal

Andrés José Piñón Pazos
C/C Óscar Fontenla Romero

Código Seguro De Verificación	os6LOuN6JlUd2+jyJx/+rQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	01/02/2023 14:30:01
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/os6LOuN6JlUd2+jyJx/+rQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

